



ANTIGOS TREBELLOS AGRÍCOLAS DE TRACCIÓN ANIMAL

O arado

Durante séculos veuse usando o de pau, construído polos mesmos labregos, a non sela **rella** ou **palmeta** que eran forxadas por ferreiros da zona. Os arados ata non hai moitos anos foron os únicos aparellos que se empregaban para labrala terra, arrastrados por gando vacún, antes por xugadas de **bois** e despois por vacas.



Houbo **tres** tipos de arados de pau: dous iguais, pero diferentes na forma do ferro, pois mentres que un é **triangular** e vai suxeito á madeira con varios **cravos** (a palmeta), o outro tira a **coniforme**, polo que se embute na punta do rostro ou **dentil** (a rella). O terceiro era a **cambela**, o máis sinxelo, co dentil metálico aguzado.


En ocasións e para certos cultivos en vez de animais ían persoas: para sachalo millo moitas veces turraban dúas persoas do arado e outra axudando pola rabela.

Partes do arado

Os nomes das partes poden variar segundo a bisbarras.

Cabezada: Consta de **rabela**, **orelleiras** atravesadas e suxeitas polo **pezpiñeiro** ou **pasador**, e do **rastro** ou **dentil** sobre o que vai a **palmeta** ou **rella**. Dende a rabela sae a **lata** ou **temón** levando no mesmo furado unha cuña ou cuño, e a teirúa tamén cunha cuña, cuño ou **penadoiro** para adaptalo ó fondo do suco que conveña, xa que permite gradualo **ángulo** formado pola rabela e o timón. No cabo da lata van os **furados do prego**, que é onde se amarra o **xugo**. Tamén pode levar un **chavillón** para labrar con dúas parellas.

Soen ser de **carballo**, agás a lata que case sempre é de **abraira**, e a teirúa e as cuñas de **freixo**.



Latas de arado dun animal

Cunha parella ou máis animais

O normal era que turrara polo arado unha xulgada de bois ou unha parella de vacas. Cando é custo o terreo ou terra moi dura, por exemplo as searas, entón poden ir dúas parellas. A primeira parella coñecíase pola gavita.

Cun animal

O normal nestes casos é que sexan algo máis pequenos, e que se empreguen en leiras de terra doada de arar. Unicamente se diferencian dos primeiros en que a lata é curta, saíndo dende ela dúas latas laterais, amarradas á primeira por medio de dous traveseiros. O animal vai no medio.